

DOMINGO 8 ORDINARIO CICLO C

PRIMEIRA Sir 27, 5-8 (gr 4-7)

Antes de falar non louves a ninguén

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DO ECLESIAÍSTICO

Tralo abaneo da peneira, queda o farelo;
tamén queda o refugallo do home cando o examinan.

As potas do oleiro saen segundo arda o forno,
un home é o que é segundo o que pensa.

Conforme o que se coide unha árbore serán os seus froitos,
e o raciocinio segundo a inclinación que un teña.

Non louves a ninguén antes de que razoe
pois tal é a proba dos homes.

SALMO RESP. Sal 91, 2-3. 13-14. 15-16

R/ (cf 2a): É bo louvarte, Señor

É bo louvarte, Señor,
cantar o teu nome, Altísimo,
pregoar de mañá o teu amor
e de noite a túa fidelidade.

Os xustos medrarán coma palmeiras,
ergueranse coma cedros do Líbano.
Plantados na casa do Señor,
florecerán nos adros do noso Deus.

Aínda na vellez seguirán dando froito,
estarán fortes e frescos,
para pregoar que recto é o Señor,
a miña rocha, en quen non hai iniquidade.

SEGUNDA 1 Cor 15, 54-58

Deunos a vitoria por medio de Xesús Cristo

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA PRIMEIRA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS CORINTIOS**

Irmáns e irmás:

Cando isto corruptible se revista de incorrupción e isto mortal se revista de inmortalidade, entón cumprirase a palabra que está escrita:

a morte foi tragada pola vitoria

Morte, ¿u-la túa vitoria?

Morte ¿u-lo teu aguillón?

O aguillón da morte é o pecado e a forza do pecado é a Lei. Pero deámoslle as grazas a Deus, que El nos dá a vitoria por medio do noso Señor Xesús Cristo.

Así que, meus irmáns queridos, mantédevos firmes e inabalables; aplicádevos cada vez máis á obra do Señor, sabendo que os vosos esforzos coma cristiáns non son en balde.

ALELUIA Flp 2, 15d. 16a

Iluminaredes o mundo coma luminarias, aportando a palabra de vida

DOMINGO 8 ORDINARIO CICLO C

EVANXEO Lc 6, 39-45

Da abundancia do corazón fala a boca

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela, Xesús púxolles aos discípulos unha comparanza:

- Acaso poderá un cego guiar a outro cego? Non caerán os dous na fochanca?. Non está o discípulo por enriba do mestre; aínda que todo discípulo que chegue a prepararse ben, será coma o seu mestre. Por que reparas no lixo que hai no ollo de teu irmán, e non te decatás da trabe que está no teu propio ollo? Cómo lle poderás dicir a teu irmán: "Irmán, deixa que che quite o lixo que tes no ollo", sen reparar na trabe que tes no teu? ¡Hipócrita! Quita primeiro a trabe do teu ollo, e logo verás mellor para quitar o lixo do ollo de teu irmán.

Non hai árbore boa que produza froitos ruíns, nin tampouco árbore ruín que produza froitos bos. Así, cada árbore coñécese polos seus froitos. Pois dos toxos non se collen figos, nin das silveiras se vendiman uvas. O home bo saca o ben da bondade do seu propio corazón, e o home malo saca o mal da súa maldade, pois do que reborda o corazón fala a boca.